

## ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **27 de febreiro de 2015**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Polo Grupo Municipal do PP; don Angel Trabada
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal do BNG: dona Cristina Ferreiro López
- Pola Intervención Xeral; dona Elva Anido Anido
- Pola Asesoría Xurídica; dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación; don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

### **1.- Aprobación e sinatura da acta da sesión do día 20 de febreiro de 2015.**

### **2.- Propostas para ditame e valoración:**

#### **- De Alcaldía (Prensa)**

- Para Anuncios en La Voz de Galicia, por importe de 4.840 euros, a favor de **LA VOZ DE GALICIA, S.A.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente co voto en contra do PP; solicítase informe xustificativo do interés municipal con respecto á mesma.

- Para páxina a cor no suplemento Lugo elige salud, por importe de 2.964,50 euros, a favor de **EL PROGRESO DE LUGO, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### **- De Servizo de drogas**

- Para obradoiros de sesións de orientación deportiva e hábitos saudables, por importe de 638,70 euros, a favor de **NON HAI DUDA, S.L.**
- Para obradoiros arte urbano Festival Style fighters, por importe de 2.000 euros, a favor de **CONCEPTO CIRCO ORIXINAL, S.L.**
- Para a adquisición dun quitamedos (colchoneta) para a realización de actividades de ocio para a mocidade lucense, por importe de 963,10 euros, a favor de **ELK SPORT.**

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 27-02-15.doc

Asunto:

- Para a posta en marcha do II Obradoiro sobre manexo de carretillas elevadoras, por importe de 2.000 euros, a favor de **CENTRO DE FORMACIÓN DEL TRANSPORTE.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

### - De Cultura

- Para obradoiro de debuxo no MIHL "O Lugo Romano" a desenvolver en cinco sesións, por importe de 1.950 euros, a favor de **MARIANA ROURA SÁNCHEZ.**
- Para a exposición sobre a vida de Jimena e Elisa Fernández de la Vega que terá lugar no IES Lucus Augusti, por importe de 605 euros, a favor de **NOMENCLATURAS GESTIÓN CULTURAL, S.L.**
- Para a actuación do dúo Eclipse en San Martín de Carballido co motivo da festa patronal, por importe de 450 euros, a favor de **DÚO ECLIPSE.**
- Para deseño da publicidade da Semana de Danza, por importe de 1.562,41 euros, a favor de **JOSÉ LUIS PRADO GONZÁLEZ (FUTURGRAFFIC).**
- Para a actuación do dúo Amazonas na parroquia de Pías co motivo da súa festa patronal, por importe de 450,12 euros, a favor de **MAMVIDA EVENTOS, S.L.**
- Para a actuación do grupo de gaitas Cantigas e Frores na feira de produtos do campo e artesanía San Cidre, por importe de 450 euros, a favor de **ASOCIACIÓN CULTURAL CANTIGAS E FRORES.**
- Para a actuación do grupo de gaitas Cantigas e Frores na festa patroal das Gándaras, por importe de 450 euros, a favor de **ASOCIACIÓN CULTURAL CANTIGAS E FRORES.**
- Para a celebración do III Ciclo de música contemporánea MIHL- Sons XXI, por importe de 4.443,10 euros, a favor de **XACOBE MELÉNDREZ FASSBENDER** (proxeccións para conferencias e música), **VICENTE UÑÓN PRIET** (concerto das tendencias neoclásicas ao limiar da postmodernidade), **AC VERTIXE** (concerto Utopía Sonora), **JUAN IGNACIO MARTÍNEZ** (concerto Viena 1900: o camiño á modernidade), **JAVIER MARÍA LÓPEZ RODRÍGUEZ** (conferencia das tendencias ao limiar da postmodernidade), **IKER GÜEMES CABREJAS** (conferencia a diversificación inevitable), **XOÁN XIL LÓPEZ** (realización guía didáctica e presentación concerto Resonancias en movemento), **MARÍA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ** (Nove Deseño e Comunicación): deseño, maquetación e impresión, **ALENTI, SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L.U.** (equipos de son e iluminación, concerto do día 14 de abril no MIHL).

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

### - De Servizos Eléctricos

- Para a ampliación de 2 puntos de luz de alumado público en Galegos, extensión na rúa Ripanzo dende a casa nº 15 ata a casa nº 17, e reforzo de saída do cadro, por importe de 4.765,37 euros, a favor de **HALLMANN ENERGY**
- Para a adquisición de material eléctrico, por importe de 1.628,66 euros, a favor de **ELEKO GALICIA, S.L. LUGO**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

#### - De Medio Ambiente e Axenda 21

- Para a subministración de roupa de traballo para os traballadores da brigada de parques e xardíns, por importe de 3.259,93 euros, a favor de **TORNEIRO, S.A.**
- Para a adquisición de vestiario de traballo para o persoal de zona rural, por importe de 1.979,32 euros, a favor de **TORNEIRO, S.A.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

#### - De Parque Móbil

- Para a adquisición de recambios, accesorios e reparacións, por importe de 10.890 euros. (**PROPOSTA XENÉRICA**).

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### - De Muller

- Para diferentes actos dentro do Día Internacional das mulleres, por importe de 2.986,75 euros, a favor de **PRELO, S.L.** (dípticos programa, carteis do Día Internacional das mulleres, **GALERÍA LUGO, S.L.**, (Figuras Sargadelos premios “Entre mulleres”, **LUZSONGA, S.L.** (Megafonía día 8-X Marcha pola Igualdade), **BUZONEOS DEL NORTE** (reparto de carteis e programas), **ASOCIACIÓN CORAZÓNS ARTESÁNS** (actividade do día 8 de marzo “traballadoras artesáns : acubillo de creatividade, produtividade e integración), **NOMENCLATURAS GESTIÓN CULTURAL, S.L.** (exposición 120 aniversario nacemento Jimena e Elisa Fernández de la Vega,
- Para caché polo concerto da artista: Marta Ren no Auditorio Municipal Gustavo Freire, por importe de 6.292 euros, a favor de **BUFETE DE COMUNICACIÓN E LENDING EMPRESARIAL, S.L.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

## **CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/cbg

Refª: acta 27-02-15.doc

Asunto:

### **- De Desenvolvemento Local- Cei Nodus**

- Para reparacións urxentes de paramentos verticais, aseos e cuartos de limpeza no Cei-Nodus (Garabolos), por importe de 16.746 euros, a favor de **MURALLA DE REHABILITACIONES, S.L.U.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### **- De Deportes**

- Para a adquisición dun calentador portátil de infrarroxos para o rocódromo do polideportivo O Palomar, por importe de 1.936 euros, a favor de **TORVAR, S.L.U.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### **- De Desenvolvemento Local (Espazo Lab)**

- Para asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de Hábitos Laborais da acción formativa Elaborador de Productos Lácteos do proxecto LUGO EMPREGO ACTIVO 2, por importe de 375 euros, a favor de **PABLO LÓPEZ RODRÍGUEZ.**
- Para Asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de Hábitos Laborais da acción formativa Enquisador do proxecto LUGO EMPREGO ACTIVO 2, por importe de 375 euros, a favor de **FÁTIMA EXPÓSITO LÓPEZ**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

**Fóra da orde do día, ditamínouse favorablemente:**

### **- De Infraestructuras e Medio Rural**

- Para a dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde durante a execución material da obra. Reparación na Ronda da Muralla, por importe de 5.929 euros, a favor de **SENEN PRIETO INGENIERÍA, S.L.**

## **4.- Rogos e preguntas**

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.